

REGULAMENTO

A proba está incluída no calendario autonómico oficial da Federación Galega de Atletismo e estará cronometrada e controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

I.- Organización

O Concello de Castrelo de Miño, coa colaboración do Club Náutico de Castrelo de Miño e da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo, organiza a XXVII Carreira San Silvestre de Castrelo de Miño, que se celebrará o 31 de decembro de 2025 no Parque Náutico de Castrelo de Miño.

II.- Participación e Inscripcións

Poderán participar toda clase de corredores, federados ou non federados, que estean correctamente inscritos, na forma e nos prazos establecidos neste regulamento. O número máximo de atletas que poderán inscribirse para a proba será de 300 adultos e 100 menores.

O prazo de inscrición será desde o día de publicación da información da carreira na web de carreiras galegas ata o 27 de decembro, inclusive, salvo que se agoten os dorsais con anterioridade ó día de peche. A inscrición realizarase a través da web de carreiras galegas:
<https://www.carreirasgalegas.com>

A cota de inscrición será de 2 euros para os participantes de entre 8 e 17 anos (SUB10, SUB12, SUB14, SUB16 e SUB18) e de 6 euros para os de a partir de 18 anos (SENIOR E MÁSTER). A inscrición para os menores de 8 anos (PITUFOS) será gratuita. Unha vez realizada a inscrición non se devolverá o seu importe.

III. - Categorías e clasificacións

Establécense as seguintes categorías:

PITUFOS: Nados o ano 2018 e posteriores. A proba de esta categoría ten carácter participativo polo que non se realizará clasificación. Tódolos participantes recibirán unha medalla conmemorativa.

SUB10, masculina e feminina: Nados os anos 2016 e 2017.

SUB12, masculina e feminina: Nados os anos 2014 e 2015.

SUB14, masculina e feminina: Nados os anos 2012 e 2013.

SUB16, masculina e feminina: Nados os anos 2010 e 2011.

SUB18, masculina e feminina: Nados os anos 2008 e 2009.

SENIOR, masculina e feminina: Nados en 2007 e anteriores ata Máster A.

MASTER A, masculina e feminina: De 35 a 49 anos.

MÁSTER B, masculina e feminina: De 50 anos en diante.

ABSOLUTA, masculina e feminina: Sub18, Sénior, Máster A e Máster B.

Haberá unha clasificación por cada categoría, excepto para a categoría “PITUFOS”.

IV. - Recollida de dorsais e Chips

Os dorsais e chips entregaránse preferentemente os días 30 e 31 de decembro na Casa do Concello de Castrelo de Miño en horario de 08:30 a 15:00 h., excepcionalmente o día 31 entregaránse en horario de 15:15 a 16:00 horas no Parque Náutico.

Os/as deportistas terán que portar obrigatoriamente o dorsal no peito en todo momento, sen dobrar nin ocultar, ben visible.

V. - Horarios de Saída e Percorridos

HORARIO SAÍDA	CATEGORÍAS	CIRCUITO	Nº DE VOLTAS	DISTANCIA TOTAL
CARREIRA SUB 12 E SUB10 15:45 h.	SUB12 e SUB10	1,15 Km.	1	1,15 Km.
CARREIRA SUB 16 E SUB 14 16:00 h.	SUB16 e SUB14	2,75 Km.	1	2,75 Km.
CARREIRA ABSOLUTA 16:30 h.	SUB18 SENIOR MÁSTER A e B	2,75 Km.	2	5,5 km.
CARRERIRA PITUFOS 17:15 h.	SUB8	125 m. Paseo fluvial do Parque Náutico	-	125 m.

A carreira disputarase sobre circuitos con saída e meta no Parque Náutico de Castrelo de Miño según os mapas orientativos que figuran nos anexos de este regulamento. A organización poderá modificar o percorrido previsto por motivos de seguridade ou por causa de forza maior.

VI. - Premios

Haberá os seguintes premios por categoría:

- PITUFOS: Medalla para tódolos participantes.
- SUB10, SUB12, SUB14 e SUB16: Medalla para as 3 primeiras mulleres e para os 3 primeiros homes de cada categoría.
- SUB18 e SENIOR: Trofeo para as 3 primeiras mulleres e para os 3 primeiros homes de cada categoría.
- MÁSTER A e MÁSTER B: Agasallo ou medalla para as 3 primeiras mulleres e para os 3 primeiros homes de cada categoría.
- ABSOLUTA: Trofeo para as 3 primeiras mulleres e para os 3 primeiros homes de cada categoría.

Na carreira absoluta os premios non serán acumulativos de xeito que os que consigan premio na categoría absoluta non recibirán outro premio pola categoría de idade á que pertencen, pasando estes aos seguintes clasificados por categoría de idade.

O acto de entrega de premios realizárase a partir das 17:30 h., ao rematar a carreira de PITUFOS, e haberá chocolate quente para tódolos participantes.

VII. - Seguros e Servizos Médicos

Todas as persoas participantes estarán cubertas cunha póliza de Seguro de Responsabilidade Civil e cun Seguro de Accidentes.

É imprescindible estar inscrito/a para ter cobertura dos seguros de RC e de accidentes. Haberá servizo de ambulancia para a atención dos participantes.

Quedan excluídos, da cobertura destes seguros, os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde este á orixe, da normativa de competición, etc.

VIII. - Descualificacións

Serán motivos de descualificación, entre outros, os seguintes:

- Non realizar todo o circuíto da carreira.
- Non levar dorsal visible por diante.
- Manipular o chip.
- Falsificar datos persoais.
- Suplantación de identidade.

Todo/a aquel/a atletas descualificado/a deberá retirar o seu dorsal e abandonar o circuíto de forma inmediata. Os servizos médicos, o xuíz árbitro da competición e o persoal da organización, están facultados para retirar xustificadamente da carreira a calquera atleta que manifesta un mal estado físico evidente.

IX - Reclamacións

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao Xuíz Árbitro, non máis tarde de 30' despois de comunicarse oficialmente os resultados.

X. – Normativa de referencia

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA e, de ser preciso, a normativa RFEA e WA.

XI. - Outras Disposicións

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.


LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13, 15008-A Coruña.


XII. - Anexos

Mapas orientativos dos diferentes circuitos e percorridos para cada categoría.

Carreira SUB16 (1 volta) e ABSOLUTA (2 voltas). Circuito de 2.75 Km.



Carreira SUB 12 E SUB10 (1 volta). Circuito de 1,15 Km.



Carreira PITUFOS. Percorrido de 125 m.

